



VALENTÍN LAMAS CARVAJAL, O SEU XORNALISMO

Marcos Valcárcel

1. LAMAS CARVAJAL NO SEU TEMPO

A recuperación do escritor, poeta e xornalista Valentín Lamas Carvajal, con motivo do centenario da súa morte, semella unha ocasión ben pertinente para enfocar a revalorización do autor ourensán como unha das figuras centrais das letras galegas do Rexurdimento e, sen dúbida, o personaxe de máis pouso cultural e social no Ourense da segunda metade do século XIX, á marxe de Curros Enríquez, ausente este último da cidade durante boa parte da súa biografía.

Unha axeitada recuperación do significado do escritor Lamas Carvajal debe ir paralela á pluralidade de campos literarios que o autor abordou ó longo da súa vida, atendendo de forma moi especial ó eido do xornalismo literario no que o ourensán destacou de forma relevante sobre o conxunto dos seus contemporáneos. Creo que a diversificación da súa produción escrita - poesía, prosa, xornalismo- non debe

ocultar as claves de continuidade do Lamas escritor nos moi diferentes xéneros e rexistros empregados, claves que se expresan de forma máis contundente no xornalismo, que foi tamén a parcela do seu que-facer que en vida do autor tivo maior repercusión e receptividade públicas.

Lamas Carvajal é un autor literario de extrema coherencia e forte vontade de estilo propio, avanzando neste sentido unha serie de propostas culturais que serán logo recollidas e continuadas por outros autores durante varias décadas e que serían recoñecidas, moitos anos despois, por outros escritores como Ramón Otero Pedrayo ou Eduardo Blanco Amor. A recente publicación da súa *Poesía Galega* nunha rigorosa e exhaustiva edición da profesora Pilar García Negro (1998) permite ter acceso máis doado a novas bases documentais para avaliar a achega do ourensán ás letras do Rexurdimento; sería preciso tamén recoller a obra en prosa do escritor, publicada no seu día en libro, para ter unha visión de conxunto da súa produción.



Cómpre non esquecer, polo demais, o papel de avanzada de Lamas como prosista: xa se ten subliñado como a publicación en 1887 da serie de contos costumistas titulada *Gallegadas* vén cubrir un importante oco na prosa en galego do momento, atra entón limitada á primeira novela de Marcial Valladares, *Maxina ou a filla espuria*, escrita en 1870 e publicada en 1880 por entregas en *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Ata 1889 non se publicou a primeira novela de mocidade de Heraclio Pérez Placer, *Predicción*, premiada en Betanzos en 1887, que aparecerá publicada precisamente nas páxinas de *O Tío Marcos d'a Portela* da man de Lamas, novela á que seguirán, en 1893 e 1894, ás dúas obras de Francisco Álvarez de Nóvoa (*Pé das burgas*, *Beira o Barbaña.Paisaxes*), tan renovadoras en tantos aspectos.

Quero rematar esta presentación cunha breve referencia á cidade ourensá do seu tempo, residencia permanente do escritor durante toda a súa andaina biográfica entre 1849 e 1906.

Seguindo a crónica *Del Orense Antíguo* de José Adrio Menéndez (1935), sabemos que era aquel un Ourense pequeniño, cunha forte sociabilidade, que tiña como lugares privilexiados a rúa da Paz e a Praza Maior, e que viña de castelanizar os nomes das súas rúas a instancias dun concellal natural de Mobuey (Zamora). Esta cidade comerciaba os seus productos agrarios na Praza da Magdalena, coas queixas lóxicas dos veciños cando apretaban as calores do verán no lugar e que reclamaba das súas autoridades medidas efectivas para remediar o evidente estado de miseria en que se desenvolvían as entón chamadas «clases menesterosas». Aínda por riba a mediados de século reaparecía o cólera e as boas xentes populares tiñan que amotinarse para que as autoridades instalasen un Hospital para coléricos no Cuartel de San Francisco. Conta Adrio Menéndez como naqueles anos se acordou facer un parque novo no Campo do

Valentín Lamas Carvajal é, sen dúbida, o personaxe de máis pouso cultural e social no Ourense da segunda metade do século XIX, á marxe de Curros Enríquez, atendendo de forma moi especial ó eido do xornalismo literario no que o ourensán destacou de forma relevante sobre o conxunto dos seus contemporáneos.

Posío, onde antano se levantaba a forca, e como se puxeron os primeiros pasos do que hoxe é o Instituto Otero Pedrayo, cun xardín botánico anexo no propio Posío; iniciábanse as obras da rúa do Progreso, estrada de Villacastín a Vigo, e da canalización do Loña, falábase tamén do proxecto de ferrocarril de Zamora a Ourense e na Casa do Concello non paraban de discutir sobre a conveniencia ou non da instalación de farois de gas-petróleo nas rúas da cidade.

Foron aqueles días incertos e axitados, sobre todo cando chegaron as ondas revolucionarias da «Gloriosa», pois así chamaron os cronistas da época á Revolución de Setembro de 1868. E foron tamén días de forte debate ideolóxico e de intensa vida cultural, como o amosan as múltiples empresas xornalísticas que entón se poñen en marcha: xornais como *El Orensano*, *La Nueva Galicia*, *El Amigo de Galicia*, *Fra-Diávolo* (semanario satírico e literario) ou *El Eco del Liceo*, portavoz este dos homes ilustrados que defendían os intereses liceístas. Ó longo desta andaina xorde a primeira xeración de pro-

tagonistas do xornalismo ourensán, con nomes como Alejandro Quereizaeta, Santiago Infante de Palacios, Joaquín Gaité, Juan Antonio Saco y Arce, Luciano Cid Hermida, Juan Manuel Paz Nóvoa, etc., moitos dos cales reaparecerán en novas aventuras tipográficas nos anos 70 e 80, no período en que Lamas vai desenvolver os seus máis ambiciosos proxectos periodísticos.

2. OS PROXECTOS XORNALÍSTICOS DE LAMAS CARVAJAL

Lamas Carvajal fixo do xornalismo a súa profesión durante toda a súa vida adulta, nun longo período que vai desde 1874 ó ano 1906, data da súa morte. Basicamente son tres os grandes proxectos ós que Lamas vai estar vencellado como principal promotor e fundador de xornais e nos tres o escritor abre portas



Debuxo de Conde Corbal

e fai achegas fundamentais á historia do xornalismo galego. Doutra banda, o feito de figurar á fronte de *O Tío Marcos d'a Portela* convérteo, sen dúbida, na peza fundacional do xornalismo en galego que ha continuarse despois nunha ringleira de cabeceiras, espalladas por toda Galicia, que recoñecen esa primacía ó xornal de Lamas e mesmo imitan de forma declarada o seu modelo periodístico.

Como xa indicou no seu momento Filgueira Valverde, a aparición de *O Tío Marcos...* ten para a prosa galega o mesmo sentido e significado que a invención dos *Cantares Gallegos* de Rosalía para a lírica do seu tempo: así o manifestaba o profesor pontevedrés nunha conferencia de homenaxe a Lamas Carvajal no Día das Letras Galegas de 1972 en Ourense (reseñada en *La Región* o 18 de maio do mesmo ano). Vexamos agora unha breve descrición xeral dos tres xornais fundados polo poeta ourensán.

A residencia permanente do escritor durante toda a súa andaina biográfica entre 1849 e 1906 era aquel Ourense pequeniño, cunha forte sociabilidade, que tiña como lugares privilexiados a rúa da Paz e a Praza Maior, e que comerciaba os seus produtos agrarios na Praza da Magdalena.

2.1. EL HERALDO GALLEGO (1874-1880)

Editouse en Ourense esta revista cultural co subtítulo «Semanario de Ciencias, Artes y Literatura». O seu primeiro número saíu á rúa o 1 de xaneiro de 1874 e o derradeiro fíxoo o 23 de outubro de 1880, cando levaba 408 números publicados. Inicialmente tivo periodicidade semanal, para pasar en 1876 a bisemanal e un ano despois a quincenal; en 1880 volveu ser bisemanal. Tiña un formato de 29 por 21 cm. e oito páxinas, a dúas columnas, editándose en diferentes imprentas ourensás. Debeu ter arredor de



600 suscriptores. O seu fundador e director, Lamas Carvajal, tiña só 25 anos cando o puxo en marcha. Antonio Acevedo Prieto encargouse da administración. Na súa redacción colaboraron, segundo Fernández Gallego, os escritores Jesús Muruais, Curros Enríquez e Arturo Vázquez Núñez. Consta tamén a participación como redactores de Camilo Placer Bouzo e José María Hermida (citado como tal no número 112), mentres que Curros Enríquez e Vázquez Núñez deixaron a redacción en xuño de 1878 «por causas ajenas a la voluntad de la empresa» (n.269).

El Heraldo Gallego foi unha das publicacións punteiras da prensa cultural da Restauración. Tratou sobre todo temas literarios, históricos, debates eruditos, cuestións arqueolóxicas e culturais. A revista daba conta tamén do movemento artístico da época e publicaba biografías de galegos egrexios e escenas de costumes galegos. De carácter bilingüe, o galego tiña presenza sobre todo nos espazos poéticos e publicou números extraordinarios dedicados ó poeta Añón e ó historiador Vicetto, así como «Coroas Poéticas» a Méndez Núñez e Ramón Rúa Figueroa. Tiña entre as súas seccións fixas as nomeadas Crónica Orensana, Revista Local, Revista de la prensa en Galicia, Correspondencia de Galicia e Variedades.

Entre o seu numeroso abano de colaboradores figura a práctica totalidade do Rexurdimento literario de finais do século XIX, en galego e en castelán. Asinaron nas súas páxinas autores como Indalecio Armesto, Waldo Álvarez Insúa, Francisco Añón, Ramón Barros Silbello, Rosalía de Castro, Emilia Calé y Torres, Rogelio Cibeira, Manuel Curros Enríquez, Filomena Dato, Benito Fernández Alonso, José García Mosquera, Antonio María de la Iglesia, Benito Losada, Manuel Murguía, Andrés Muruais, Jesús Muruais, José Ogea (que publica aquí varios capítulos do seu libro “El mundo rural”), Emilia Pardo Bzán, Aureliano José Pereira, Juan Manuel Paz Nóvoa, José Pérez Ballesteros, Juan M. Pintos, Eduardo Pondal, Alejandro Quereizaeta, Ventura Ruíz y Aguilera, Juan Antonio Saco, Teodosio Vesteiro Torres, Alfredo Vicenti Rey e Benito Vicetto, entre outros, ademais dos xa citados como redactores.

El Heraldo Gallego abriu o camiño doutras revistas culturais semellantes en toda Galicia. No seu primeiro editorial, baixo a cabeceira «Lo que somos y a lo que venimos», definía entre as súas aspiracións principais a independencia dos partidos políticos, a denuncia do caciquismo e a profesión de fe cristiá. A perspectiva rexionalista está presente xa no seu primeiro número cunha moi dura crítica á situación de Galicia: «... un pueblo que ha sido siempre abandonado por todos los gobiernos de España, que se cuidan tan sólo de arrebatar para el contingente del ejército los brazos tan necesarios para la agricultura, único medio de vida con que cuentan los campesinos de estas comarcas, y de cobrar, amenazando con repugnantes recargos, las crecidas contribuciones que les imponen».

Posteriormente usará como lemas tres consignas de signo nidiamente rexionalista: «Galicia ante todo», «Deus fratresque Gallaeci» e «Galicia sobre todo». Non faltan tampouco, en artigos asinados por Lamas, as queixas contra as fortes cargas tributarias ou a denuncia da «fría indiferencia» con que eran tratados os asuntos de Galicia polos gobernos españois da época. Outros temas habituais nas súas páxinas foron a defensa do ferrocarril de Ourense a Vigo, a demanda de escolas de agricultura e granxas-modelo para o ensino dos labregos, a fundación de entidades de creto para o aforro das clases menos acomodadas, a protesta contra a emigración e contra os especuladores que facían negocio con ela e a denuncia da falla de inversión dos capitais dos galegos que se enriquecían fóra do país (véxanse, por exemplo, textos como «La causa de nuestros males», 16-IX-1875, ou «La emigración gallega», 16-XI-1875).

2.2 O TÍO MARCOS D'A PORTELA (1876-1889)

Foi o primeiro periódico publicado integramente en galego na historia de Galicia. Inspirado por Lamas Carvajal, na súa andaina hai que disterar tres etapas diferentes, dúas delas próximas e baixo o pulo do poeta ourensán (nos períodos dos anos 1876 a 1880, 1883 a 1889), e unha terceira, case 30 anos despois, cando as Irmandades da Fala resucitan esta cabeceira



para utilizala como portavoz, entre 1917 e 1919 e da man de Hixinio Ameixeiros e Xavier Prado *Lameiro*. Na primeira etapa, ata 1880, publicou un total de 124 «parrafeos»; a segunda etapa, de 1883 a 1889, leva nova numeración e foi o período máis extenso e regular, pois nela sacáronse 396 novos parrafeos. En conxunto, en vida de Lamas, o total de números ou parrafeos publicados foi de 430.

Cada número levaba como título a forma de «Parrafeo» e o primeiro viu a luz o 7 de febreiro de 1876. Ata outubro dese ano publicáronse con periodicidade quincenal, os días 7 e 23 de cada mes, pero desde o número 18, con data do 5 de novembro de 1876 e ata a fin da segunda época foi semanal, agás interrupcións. Das súas dificultades para subsistir falan precisamente estas rupturas no ritmo de publicación: de outubro de 1877 a xaneiro de 1878, de setembro de 1878 a outubro de 1879. Desde 1883 as ausencias do semanario son máis escasas, limitándose a algunha semana en cada ano. Ademais do subtítulo «Parrafeos c'ó pobo galego», levaba dúas lendas na cabeceira que indicaban a periodicidade, lugares de venda (nas principais feiras de Galicia) e os contidos baixo a fórmula «artículos de costumes, poesías, efemérides, cantares e contos do país galego».

Editouse inicialmente na imprenta de *La Propaganda Gallega* para pasar logo a de *El Eco de Orense*, diario que dirixía o propio Lamas. Nun formato de 29 por 19 cm., tiña habitualmente oito páxinas, a dúas columnas. Entre decembro de 1876 e maio de 1877 faise constar baixo a cabeceira o dato concreto da súa tirada, 4000 exemplares; polas propias páxinas do xornal sabemos do seu envío a diferentes puntos de Galicia, España e da emigración americana, sobre todo á cidade da Habana (a mediados de 1877 afirmase que medrou o número de suscriptores na emigración). Contaba con seccións fixas como «Efemérides», «Casos e Cousas», «Cousas do Día» e «Correo do Tío Marcos», que relatava aspectos da vida interna do diario e mesmo as queixas de Lamas contra os suscriptores que demoraban o pago do xornal.

Era este un xornal dirixido a un público popular, moi en especial ó campesiñado. Esta finalidade populista

O TIO MARCOS D' A PORTELA



Ano sétimo

Ourense 26 de Xulio de 1885

Parrafeo oitenta e oito

15 de Xulio de 1885

DIA DE LOITO PRA GALICIA

MORRE EN IRIA FLAVIA

ROSALIA DE CASTRO

A INSINE AUTORA DE
CANTARES GALLEGOS

O CABALEIRO D' AS BOTAS AZULES
FOLLAS NOVAS
'AS ORELAS D' O SAR

O feito de figurar á fronte de *O Tío Marcos d'a Portela* convérteo, sen dúbida, na peza fundacional do xornalismo en galego que ha continuarse despois nunha ringleira de cabeceiras, espalladas por toda Galicia. Como xa indicou no seu momento Filgueira Valverde, a aparición de *O Tío Marcos...* ten para a prosa galega o mesmo sentido e significado que a invención dos *Cantares Gallegos* de Rosalía para a lírica do seu tempo.

Arturo Vázquez Núñez, Manuel Núñez González, Enrique Labarta Pose, Manuel Amor Meilán, Heraclio Pérez Placer, Roque Pesqueira Crespo, Silverio Lamas Carvajal (fillo do fundador), Juan Neira Cancela, José María Posada, Aureliano José Pereira, Baldomero Lois Pérez, Filomena Dato Muruais, Cesáreo López Pinal,

Valentín L. Carvajal

El Heraldo Gallego abriu o camiño doutras revistas culturais semellantes en toda Galicia.

No seu primeiro editorial, baixo a cabeceira "Lo que somos y a lo que venimos", definía entre as súas aspiracións principais a independencia dos partidos políticos, a denuncia do caciquismo e a profesión de fe cristiá.



<p>TOMO III.—NÚM. 7.º Precios: á precios convencionales. Número suelto, un real.</p>	<p>DIRECTOR: VALENTÍN L. CARVAJAL. Administración, Lepanto 18. ORENSE—MIÉRCOLES 26 DE ENERO DE 1876.</p>	<p>AÑO III.—NÚM. 110. SUSCRICION: tres pesetas trim. en toda España.</p>
--	--	--

Gravado de Federico Guisasola que ocupou a cuberta de *El Heraldo Gallego* desde 1876.

Amador Montenegro Saavedra, Andrés Muruais, Pío Parada, Francisco Portela Pérez, Javier Valcarce Ocampo, «Roque Grilo Berzas» (seudónimo de Remigio Garrido Bouzas), etc.

Entre os textos aparecidos neste xornal cabe subliñar algúns pola súa relevancia no sistema literario galego. Por exemplo, a noveliña «Prediación» e os relatos «¡Ourenseño, meu Ourense!», «Corpo sin alma», «O puzo d'a Sila» e «O puzo d'ó inferno», todos eles do ourensán Heraclio Pérez Placer, que anticipa así nes-

tas páxinas moitos dos relatos que logo deron forma ó seu libro *Contos, lendas e tradicións de Galicia*; velái tamén o retrato de Xan da Coba do propio Lamas e outros contos recollidos despois no seu libro *Gallegada*. Outros textos publicados neste xornal foron «Marcelo» e «Hay que tempos!...», de Roque Pesqueira Crespo; «Entre ratos», conto de Benito Fernández Alonso; «Unha romaxe n-a miña terra», de Baldomero Lois Pérez; «As cartas», de Carlos Pol Caamaño; «O muíño d'os tios Mariquiñas», de Manuel Núñez González, etc. Nas súas páxinas incluíronse



asimesmo recolleitas de refráns e cantigas realizadas por Saco e Arce e traducións ou adaptacións doutras linguas, como «El Gaitero de Gijón», de Campoamor, versos cataláns ou un conto provenzal de Roumieux.

O xornal de Lamas foi o creador dunha auténtica escola de novo xornalismo en galego, que tería en anos sucesivos continuadores como *A Tía Catuxa* e *O Galiciano* (1884-1889), ambas en Pontevedra; *A Fuliada* (1882-1886), de A Coruña, e *A Monteira* (1889-1890), de Lugo, entre outros. Este último, por exemplo, reutiliza unha estrutura formal moi similar ó xornal ourensán e unha mesma división en seccións, remitíndolle ademais un garimoso saúdo de recoñecemento no seu primeiro número. Antes aínda, a influencia do modelo de Lamas chegara xa ata Cuba, pois na Habana editábase, entre xullo de 1885 e setembro de 1889, *A Gaita Gallega*, primeira publicación monolingüe da emigración, impulsada por Ramón Armada Teixeira e Manuel Lugo Freire. Da consulta deste xornal (reeditado polo Centro Ramón Piñeiro, 2000), no que tamén colabora Lamas, é doado comprobar o grado de paralelismo e imitación que *O Tío Marcos...* xenerou ó seu arredor: en *A Gaita Gallega* non só se imitan as seccións e espazos do xornal ourensán, senón mesmo as formas e rexistros literarios, de xeito que moitos dos seus traballos serían perfectamente integrables na publicación de Lamas.

A pegada xornalística do poeta ourensán pervive anos despois, xa pasado o século, en cabeceiras como *O Tío Pepe* (1913) de A Fonsagrada e nas publicacións co mesmo nome do orixinal ourensán que se impulsan na Habana en 1914, ademais da xa citada como terceira etapa de *O Tío Marcos...* en Ourense entre 1917 e 1919, coas Irmandades da Fala.

2.3. EL ECO DE ORENSE (1880-1909).

Foi un dos primeiros diarios importantes da cidade de Ourense e tamén un dos de maior influencia e

duración entre finais do século XIX e comezos do XX. Apareceu en 1880, como bisemanario, con saída os mércores e sábados; en 1887 ampliou as súas saídas a tres, aparecendo os martes, xoves e sábados; finalmente, desde o primeiro de agosto de 1892 publicouse a diario, exceptuando os festivos, ata o ano 1909, data do seu peche. Contaba con imprenta propia e levou varios subtítulos como «Periódico político», «Periódico liberal», «Diario Político» e «Diario de la mañana». Tiña un formato de 37 por 26 cm., e catro páxinas, a cinco ou

Editouse inicialmente na imprenta de La Propaganda Gallega para pasar logo a de El Eco de Orense, diario que dirixía o propio Lamas.



seis columnas, que co seu paso a diario ampliouse a 44 por 27 cm. Gabábase de ser tamén o diario «de mayor circulación de la provincia», próxima ós dous mil exemplares.

El Eco de Orense foi fundado polo deputado liberal por Ourense don Vicente Pérez e tivo, ó longo dos 29 anos da súa

Contaba con seccións fixas como "Efemérides", "Casos e Cousas", "Cousas do Día" e "Correo do Tío Marcos", que relatava aspectos da vida interna do diario e mesmo as queixas de Lamas contra os suscriptores que demoraban o pago do xornal.



existencia, diversos directores: Rodríguez Quiroga entre 1880 e 1883, Valentín Lamas Carvajal entre 1883 e 1906 e Antonio Fuentes e Modesto Lamas Sánchez, fillo do poeta, nos tres últimos anos do xornal. Pola súa redacción pasaron escritores e xornalistas como Arturo Vázquez Núñez, Juan Neira Cancela, Santiago Álvarez de Nóvoa, José García Losada e Silverio Lamas Carvajal, irmán de Valentín, Modesto Fernández González (como corresponsal en Madrid) e, xa nos últimos anos do diario, Basilio Álvarez. En xuño de 1909, con Antonio Fuentes como director, eran redactores Enrique Cantón, José Adrio Menéndez, Modesto L. Carvajal, Alfonso Carballo Rey, Juan J. Reza, Julio Carballo Enríquez e Antonio López (así consta nunha fotografía do número 6 de *Vida Gallega*).

Entre os seus colaboradores literarios hai que suliñar a presenza de Alberto García Ferreiro, Manuel Martínez Sueiro, Juan A. Saco y Arce, Benito Fernández Alonso, Enrique Cantón Alvarado, Ventura Ruiz y Aguilera, Antonio Rey Soto, etc. Como diario de información xeral era bilingüe, anque o galego só aparece en breves espacios literarios. Entre as seccións de meirande interés estaban as tituladas «En broma» e «Instantáneas», en prosa e en verso. Pero a sección máis popular foi sen dúbida a dos «Ecos», breves soltos informativos, con críticas ás autoridades locais, e as «Mostacillas», versos cheos de sátira e inxenio, ámbalas dúas da man de Lamas; as mostacillas, que versaban sobre sucesos locais e temas políticos, serían logo recollidas en tres libros entre os anos 1887 e 1898.

Polo demais o xornal seguiu as orientacións erráticas do seu principal impulsor, Lamas Carvajal, pasando de defender as posicións liberais do seu fundador Vicente Pérez a logo apoiar un certo liberalismo, xa independente da figura deste deputado (cara 1892), e finalmente converterse no principal adversario do propio Vicente Pérez, en canto este pasa a fundar en 1898 a nova cabeceira «El Miño». A partir de entón Lamas Carvajal aproxima o diario ás teses conservadoras e afíns ó clericalismo e iso explica que este xornal estea incluído, por exemplo, na relación de medios da «Buena Prensa» ou prensa católica correspondente ó *Anuario* eclesiástico de José Casas do ano 1909.

Segundo José Fernández Gallego, biógrafo algo haxio-gráfico do poeta ourensán, o principal responsable desta ruptura sería Vicente Pérez, que pretendía obrigar a Lamas a escribir soltos difamatorios contra os seus adversarios, pretensión á que sempre se oporía o xornalista. Para outros autores como Xavier Castro e Jesús de Juana (1985) as razóns estarían máis vencelladas á personalidade individualista e ausente de disciplinas do poeta ourensán, «defendendo, en razón dunhas vantaxes económicas e dentro dun mínimo marco deontolóxico, unhas posturas políticas que no fondo non lle importaban excesivamente».

Cabe apuntar, finalmente, que en múltiples ocasións o propio Lamas Carvajal deixou constancia das súas ideas sobre a función do xornalismo. O poeta definía o xornalismo, como heraldo da ciencia e do progreso e barómetro da civilización dos pobos, centinela máis avanzado do progreso e constante defensor dos intereses do pobo; ademais, xa na súa primeira empresa xornalística Lamas censuraba a falta de información rexional galega dos medios do país que preferían transmitir novas alleas antes que as propias (ver *El Heraldo Gallego* n.93). A intención de utilizar os medios de comunicación como elemento de difusión e potenciación do prestixio do noso idioma fan do ourensán un auténtico precursor das estratexias de normalización lingüística dos nosos días: ese é o sentido de textos como «Fora vergonza», asinado co pseudónimo Manoel de Lence, onde se laia da inexistencia dun diario en galego e lanza de novo a proposta de que os xornais galegos publiquen cando menos unha das súas seccións sempre en galego, suxerindo ademais que esta fose a de información local, por ser a máis lida e próxima ós cidadáns (*O Tío Marcos...*, 1 de xuño 1888).

3. CLAVES FORMAIS DO XORNALISMO DE LAMAS CARVAJAL: O HUMOR COMO INSTRUMENTO DE ANÁLISE DA REALIDADE

No xornal *O Tío Marcos d'a Portela* creou Lamas un novo modelo de comunicación co seu público, diferente dos existentes ata aquel momento no resto da




prensa galega e exitoso en canto desde aquela sería imitado e glosado noutras cabeceiras.

OTMP vén marcado, en primeiro lugar, pola diversidade dos xéneros presentes. Lamas adaptou este xornal ás súas necesidades comunicativas, sempre á busca daquelas formas que mellor chegasen a un público presuntamente iletrado e de escasa formación cultural. Así, vai incluír nas súas páxinas prosas e versos, textos dialogados, cartas, notas e avisos, refráns e anuncios, etc. Nas súas páxinas pódese apreciar a importante presenza das formas xornalísticas máis breves, aquelas que podían ser lidas rapidamente e que tamén debían exercer a súa eficacia comunicativa no lector no menor tempo posible: velaí seccións como «Casos e Cousas», «Ecos do pobo», «Cousas do día», «Cartiñas do Tío Marcos», etc., cun claro predominio de textos breves e fragmentarios, que se prolonga tamén na recollida habitual no xornal de coplas populares.

Lamas foi un verdadeiro mestre no dominio do verso epigramático, na denuncia satírica en notas certas e agudas, como amosaría despois nas súas populares «Mostacillas» que publicaba *El Eco de Orense* en castelán e adicadas á crítica política. Moitos anos despois, na década dos anos vinte, Basilio Álvarez recolleu este modelo de denuncia en formas breves nos seus populares «Zarpazos» do diario agrarista *La Zarpa*, se ben substituíndo o alento satírico de Lamas por un tono máis retórico, propio da oratoria política, non exento de acenos filosóficos e propagandísticos.

Outro dos seus recursos habituais foi a publicación de diálogos entre personaxes populares, polo xeral dous labregos, e a presenza de comentarios ou crónicas de sucesos e feitos ocorridos na aldea ou na vila. No primeiro caso trátase, de novo, de recoller unha forma popular, que tiña xa unha notable tradición literaria nas letras galegas desde a profusión de diálogos de carácter ideolóxico editados desde os comezos do século XIX. Pero Lamas vaille dar a este xénero do diálogo, no seu caso encabezado coa fórmula de «Palique», unha fasquía peculiar, cun estilo persoal e inconfundible, aínda que a cotío se opte por asinar

con algún dos múltiples pseudónimos do xornalista. Segundo os casos, Lamas opta polo Palique en prosa ou en verso, pero sen alterar nunca os contidos deste subxénero tan habitual no seu xornal.



O xornal de Lamas foi o creador dunha auténtica escola de novo xornalismo en galego, que tería en anos sucesivos continuadores como *A Tía Catuxa e O Galiciano (1884-1889)*, ambas en Pontevedra; *A Fuliada (1882-1886)*, de *A Coruña*, e *A Monteira (1889-1890)*, de Lugo, entre outros.

Son tamén moi frecuentes as crónicas de sucesos, festas ou romaxes populares, comentadas sempre con agudeza polo escritor. Hai unha clara vontade didáctica e parabólica na exposición de motivos que, tras unha narración sintética dos feitos, encamiñase cara unha conclusión contundente e demoledora. Véxase, a xeito de exemplo, o texto «Unha sesión nun concello» onde se transcriben os debates municipais nunha vila arredor do reparto dos consumos e a petición, logo rexeitada, de subirlle a asignación ó mestre. O debate remate cunha forte sátira do conxunto da corporación e esta metafórica descrición dun banquete final entre alcaldes e concelleiros:

«O alcalde e concexales pónense a comer coma lobos. Comen e beben hastra fartarse (...) A nube esténdese polas parroquias do distrito: os lobos da camada concexil van cada un pro seu tobo» (OTMP. 30 xuño 1889).



Ademais, engadirá noutra ocasión, «os políticos son lobos dunha camada e us á outros non se morden; tódolos seus pensamentos nos nosos cartiños poñen» (OTMP. 31 maio 1885).

Finalmente, hai que referirse ó «Parrafeo» inicial, que funciona a xeito de editorial xornalístico ou de artigo de fondo e que busca a comunicación máis efectiva co receptor a través da reprodución dun rexistro de case perfecta oralidade; como indicou Filgueira Valverde (1989), Lamas quixo facer un «periódico falado» e esta foi a súa mellor achega e a clave do éxito da súa obra xornalística. O propio título de «Parrafeos» subliña ben este propósito consciente de oralidade, así como a presenza dos diálogos e das cartas, a xeito de fórmulas de «conversas de pensado e por escrito».

Este «xornal falado», que podería considerarse auténtico precedente da radio en galego dos nosos días, tiña un excepcional coidado en reproducir a fala viva do pobo, neste caso na súa variante dialectal ourensá. Por iso se abren tamén no xornal seccións adicadas ós refráns e ditos populares e utilízase coa máxima gracia e tino a fraseoloxía galega. Se «a fraseoloxía espella o pobo» e evolúe coas propias creacións populares, como ten amosado Ferro Ruibal (1996), a obra xornalística do ourensán é unha boa fonte para seguir a evolución dos nosos ditos populares, tan presentes en OTMP. Por exemplo:

«No reparto de consumos de Vilamartín descubríronse falsedades. Gracias a Dios que o meu can pillou unha mosca» (OTMP. 31 marzo 1889).

Hai mesmo algúns textos breves nos que sorprende a recorrencia, cremos que intencionada, á fraseoloxía galega. Un bo exemplo é o texto «O dereito de votar» onde nunha mesma páxina se suceden expresións como «votar polo refrán “do lobo un pelo”; “non se lle dará un pito ós lapidantes”; “teñen a corda na mau”; “andan facendo a rosca do galo”; “malos lobos non me coman si non é millor aforcarse coa renegueira como Xudas», etc. (OTMP. 10 maio 1885).

Tamén manexa Lamas coma ninguén tódolos recursos do humorismo de raigame popular, entendido

este como unha combinación de comicidade, realismo e melancolía. O rexistro do poeta é sempre o do humor ó servizo dos máis débiles e da burla dos máis poderosos. Convén citar quizais algúns exemplos das diferentes fórmulas usadas polo escritor, que ademais serán as pezas básicas da arquitectura formal do seu texto máis recoñecido, *O Catecismo do labrego*. Entre elas, nun primeiro lugar, o emprego da ironía para referirse ás condicións miserables en que se desenvolve a vida dos labregos:

«No antroido sairá polas rúas de Vigo unha comparsa de labregos. Facerse labrador de groma, pase.

Tanto se queren divertir as xentes que non teñen que facer, que cando un menos se pense van a saír algúns vestidos de axusticiados» (OTMP. 17 febreiro 1889).

Auténtico prodixio de ironía ó servizo da crítica política é a serie de parrafeos que publica desde o cárcere, en agosto e setembro de 1885, cando o propio xornal se subtitula «Na cadea» e inicia todos estes artigos baixo o lema «Polas reixas» (ademais de mudar, de forma transitoria, o debuxo da cabeceira). Velaí un exemplo:

«Alcóntrome na cadea, na pousada do número dazasete de Ourense, fálovos polas reixas, pola mor do alcalde do Carballiño que se anoxou porque non lle supuxen talento e que se querellou de min (...) Aloxamento gratis e nove cadelas diarias por estar mau sobre mau: cuaseque como si dixéramos un empregado. ¡Quén diría que os conservadores me habían de dar un emprego!» (OTMP. 9 agosto 1885).

Nesta mesma xeira, os seus escritos desde o cárcere, encontramos outro recurso moi eficaz na súa comicidade como é a longa enumeración caricaturesca, adicada ó alcalde do Carballiño, culpable do seu encarceramento:

«(...) pois non pasa de ser un home en estado de canuto, un ninguén de pacotilla pro caso de facer



bulto no mundo, un cornetín fósil, un xastre con agulla como o para-rayos da catedral, un "quis vel quid" da vila, un "rara avis" do museo fenomenal do porvir, un múseco de murga feito de presa e correndo como se fan unbos zocos, unha cousa con cédula persoal, un representante da humanidade en pasiva, un verbo da gramática parda, unha mioca de cristiano, un aduante dos de volta de abaixo, unha figa do mundo, un cataprasma das cirigolas do distrito, y un perdoavidas dos que lle buscan o bulto, capaz de facer boas todas as simprezas que se fixeron dende Calomarde bastra Cánovas» («Polas reixas», OTMP. 23 agosto 1885).

Por se todo isto non chegase, o autor tampouco recúa á hora de utilizar o insulto directo e constante e no mesmo texto encontramos para o citado alcalde os apelativos de «besta», «anaco de alpabarda» e «un burro que era moi burro para alcalde».

Na mesma liña, sabe Lamas empregar con acerto as construcións paralelísticas que logo fará habituais nas páxinas de *O Catecismo do labrego*. Así, parágrafos coma este anticipan o estilo do seu libro máis popular:

«Os prencipios pros cesantes andan polas nubes; pros militares están nas estrelas, non nesas que brillan no ceo polas noites, sinon nesoutras que campan nas bocamangas dos capotes e das lanvitas dos xefes; pros da curia os prencipios alcontranse no papel do sello noveno engarrados nas palabras e nos conceutos dos autos xudiciais; pros medecos os prencipios residen nos enfermos, pros enterradores nos mortos, pros empregados na nómina, pros que viven da agarapiña no que saía ó camiño, pros xugadores no galo cando se dan as cargadas; pros comerciantes na vara de medir, pros tendeiros no papel de estraza, pros taberneiros... ¿onde coidandes que teñen os principios os taberneiros? Pois como si fosen rás ou peixes téñenos na auga» («Os prencipios», OTMP. 2 agosto 1885).

Outras veces o escritor recorre ó paradoxo e á formulación de antíteses, sempre con suma graza e eficacia. Por exemplo:

«Título do artículo dun periódico: "Un morto que fala".»

¡Gran cousa! Aló pola Gudiña hai mortos que votan e en ningures vin se ocupasen do caso con estraneza.

A GAITA GALLEGA.

REPINICA MUSEIRAS, FANDANGOS Y-ALBORADAS UNHA VEZ O MES.

ANO PRIMEIRO. Na Habana: 8 de mes d' Novembro de 1885 TOCATA 5º

A FALA GALLEGA

II

Q'un pobo, empuxado unhas veces pol-a invidia y-outras pol-a icoranza, aldraxe á outro, pódese cavilar; pro qu'o pobo aldraxado acete sin chistar os insultos e non cobice a defensa, non é fácil d'entender. Galicia, que perdeu cand'os Reises Católicos os derradeiros anacos d'a sua nacionalidá, deslembrouse por comproto de que tiña unha línguá sin comparanza, e logo mais tarde deslembrouse tamén que tal línguá era a pátreá mesma, as tradicións, o xenio, todo que lle quedaba d'a sua vella grandeza. Quitando á Sarmiento, y-algun máis escritor, cause que ninguén se coidou de cultivar a nosa fala, é aínda méno de defendela d'os insultos d'os estraneros. Dada d'adicio que tal...

S'esta pregunta a lé un castelán de pouca chenchá, rírase con desprezo e negará sin parar mentes, que non é digno de tal categoría; moitos peisanos, d'os que non estudian a fala, ríranse tamén, e quizais pouco de que o cariño pol-o gallego nos leva a cobiceceas.

Nosoutros, sin medo nin vacos, decimos qu' é merecente de tal categoría, con preferenza á cantas línguas se falan n-a Península.

Dialeto, segun a Academia Española, é o linguaxe que téa con outros un orixen común, co'a diferenza sómente d'as desinencias; segun Orshell, entran n-a cláa d'os dialeutos aquelas línguas que, téndo por orixen ou nai á nacional, diferéncianse d'ista n-o cambio d'algunhas letras por outras y-algunhas ve-

A influencia do modelo de Lamas chegou xa ata Cuba, pois na Habana editase, entre xullo de 1885 e setembro de 1889, *A Gaita Gallega*, primeira publicación monolingüe da emigración. É doado comprobar o grado de paralelismo e imitación que *O Tío Marcos...* xenerou ó seu arredor: en "*A Gaita Gallega*" non só se imitan as seccións e espazos do xornal ourensán, senón mesmo as formas e rexistros literarios.

Por acó estamos afeitos a ver ós mortos xogar na política conservadora» (OTMP. 17 maio 1885).

Do mesmo xeito acode a menudo á hiperbolización ata o absurdo da mesma realidade, empregado como instrumento de sátira dos personaxes máis atacados polo escritor, con resultados de indiscutible comicidade:

«En Alemania naceu un neno con dúas caras.

Deste fenómeno aseguro que non se pasmarán moitos políticos» (OTMP. 24 marzo 1880).

A comicidade pode expresarse tamén a través de imaxes de animalización irreverente dos personaxes satirizados, en especial por medio de metáforas zoomórficas dos políticos. Véxase así o retrato da clase política da Restauración no texto «Alborotouse o galiñeiro», onde os deputados «se alborotan como as galiñas cando se lles bota millo» e «cacarexan como galiñas», con Montero Ríos encaramado nun piñeiral de Lourizán a facer o cuco, nun texto polo demais cheo de onomatopeas humorísticas (OTMP. 26 maio 1889). E o mesmo sucedía no xa citado «Unha sesión no concello», cun nido paralelismo entre os concelleiros e os lobos ocultos nas súas tobeiras.

Non son menos frecuentes os xogos polisémicos de palabras, onde Lamas amosa o seu dominio da lingua popular, a través de construcións coma esta:

«Un doutor extranxeiro dí que os cas adoecen por non teren cadelas.

Outro tanto nos pasa a moitos labregos coa diferenza de que as cadelas que nos fala o doutor son das que ladran e morden» (OTMP: 2 agosto 1885).

Finalmente, na historia da normalización do noso idioma, hai que reservar un apartado para Lamas Carvajal como pioneiro na presenza da publicidade en galego, redactada con todo o agarimo e gracexo habitual nos seus textos. *O Tío Marcos...* inclúe autopublicidade do xornal e das obras literarias do poeta e tamén magníficos anuncios adicados á Casa Singer, ós Baños das Caldas ou ó ourensán Café Suízo, que se anunciaba en verso como o establecemento do que

«Todo o mundo sae contento (...)

Non hai café imperial,

Nin Café Universal,

Millor que iste, e mais feliz;

¡Si será Café reial,

Tendo por mozo a David!»

(OTMP. 11 marzo 1877).

4. O PERFIL IDEOLÓXICO DO XORNALISMO DE LAMAS CARVAJAL: REXENERACIONISMO, REXIONALISMO E PROTOAGRARISMO

Para analizar o perfil ideolóxico de Lamas Carvajal temos tamén que recorrer necesariamente ó xornalismo, dado que o noso autor non tivo un protagonismo de primeira fila na vida política do seu tempo máis que a través das páxinas dos xornais que el mesmo fundou, dirixiu e promoveu. O seu xornalismo é, pois, o auténtico barómetro diario da súa evolución política e ó longo do paso dos anos, á marxe da súa participación orgánica, polo demais transitoria e ocasional, en organizacións como o grupo rexionalista ourensán.

Lamas foi un verdadeiro mestre no dominio do verso epigramático, na denuncia satírica en notas certas e agudas. Moitos anos despois, na década dos anos vinte, Basilio Álvarez recolleu este modelo de denuncia en formas breves nos seus populares "Zarpazos" do diario agrarista La Zarpa.

Unha análise deste xornalismo debe recoller as inevitables oscilacións políticas do autor na súa carreira profesional, debidas sobre todo a situacións coxunturais de motivación persoal e económica, e ó tempo non perder de vista os nexos de unión do seu pensamento no plano diacrónico, que si ofrece unha liñas de forza ideolóxicas abondo consolidadas para unha análise unitaria do conxunto.

Se atendemos ás rupturas e disensións políticas da cidade ourensá da segunda metade do século XIX, sometida a unha vida local conflictiva e competitiva no mercado xornalístico, podemos aceptar o marco interpretativo ofrecido por Xavier Castro e Jesús de Juana (1985), cando



sinalan catro etapas cronolóxicas na andaina política do escritor ourensán: a etapa republicana (1870-1874); o período populista (1874-1883); a fase liberal (1883-1898) e unha última etapa conservadora (1898-1906). Pero esta división admite algunhas necesarias matizacións, especialmente no que se refire á escasa duración e tamén representatividade da primeira e última etapas. O fervor republicano de Lamas, presente só nalgúns poemas de mocidade, é froito da efervescencia política do momento e da influencia do ambiente progresista de Santiago nos seus anos de xuventude; moi cedo renegaríase desta posición radical, na que seguiron militar algúns dos seus adversarios no xornalismo como Alberto García Ferreiro, director do diario democrático *El Derecho* (1890-¿1898?), xornal co que Lamas polemizou en repetidas ocasións. Do mesmo xeito, a súa etapa final, á fronte de *El Eco de Orense*, está moi vencellada á súa propia supervivencia económica como xornalista e máis á do seu irmán Silverio e o seu fillo Modesto, todos eles suxeitos ás ataduras do xornalismo local (Fernández Gallego, 1950, p.80); a súa orientación conservadora neste momento ten como explicación fundamental a súa creba definitiva con Vicente Pérez e os prexuízos económicos que lle supuña a Lamas a creación por este do diario *El Miño* no outono de 1898.

Creemos, pois, que a cerna do perfil ideolóxico deste escritor debe buscarse no período que vai desde 1874 a 1889 e nas páxinas dos dous xornais que sostivo nestes quince anos: *El Heraldo Gallego* e *O Tío Marcos d'á Portela*. Nos seus textos dese período, incluíndo os «parrafeos» e espazos editoriais sen asinar, hai unha nidia posición ideolóxica de independencia e apelación ó pobo, pero que avanza tamén aspectos novos que serán recollidos no futuro por outras correntes políticas como o galeguismo e o agrarismo.

Na miña opinión o pensamento de Lamas aséntase sobre tres claves básicas que poden definirse como un primeiro intento de rexeneracionismo, rexionalismo e protoagrarismo. En toda a súa obra Lamas fai unha fonda crítica do sistema político da Restauración e dos seus elementos fundamentais, desde o caciquismo ata o turnismo dos partidos

gobernantes ou a política económica dos gobernos de Madrid. Esta crítica abrangue un amplo abano de cargos oficiais que van desde os altos dignatarios da clase política en Madrid (os deputados) ata os seus representantes na vida local, os alcaldes e concelleiros ou os pedáneos (véxase a forte sátira contra os pedáneos en OTMP. 12 xullo 1885).

Con aguda vocación de deixar en evidencia todas as trampas do sistema analízase con detalle o proceso de eleccións que fai inútiles todos os esforzos empregados na política para a causa da defensa da propia terra. Déixase en evidencia a falacia electoral da Restauración ante unha poboación analfabeta e ignorante dos seus dereitos: *«Entre os que non saben exercelo (o dereito a voto) i outros que se aproveitan da ignorancia dos eleutores, torceno de maneira que se asemella a calquera cousa menos a un dereito»*. Nesta situación non debe sorprendere o forte escepticismo que o escritor amosa en todos os textos a propósito da redención a través da política e parece lóxico que Lamas recomende ós labregos que *«non vos deixen des levar como bestas de carga polos agasallos dos que teñen a corda na mau e turran dela para facervos andar adiante polo camiño da vosa perdición»*.

Lamas tamén manexa coma ninguén tódolos recursos do humorismo de raigame popular, entendido este como unha combinación de comicidade, realismo e melancolía. O rexistro do poeta é sempre o do humor ó servizo dos máis débiles e da burla dos máis poderosos.

Pero sería tamén erróneo situar a Lamas como un xornalista contrario á democracia parlamentaria. Limitábase a retratar as dificultades para os labregos «na feira da política» a causa dos fraudes do sistema electoral e finalmente recomenda votar *«por quen vos salla de adrento ou non votendes por nadie,*

Valentín L. Carvajal

**Auténtico
prodixio de
ironía ó servizo
da crítica
política é a serie
de parrafeos
que publica
desde o cárcere,
en agosto e
setembro de
1885, cando o
propio xornal
se subtitula
"Na cadea".**

e quen queira sair diputado ou concexal, que o logre polos seus merecementos ou que o conquira polo seu esforzo. («O dereito de votar», OTMP. 10 maio 1885).

É neste contexto de crítica á corrupción electoral e ó turnismo dos partidos - véxase tamén «En Audencia», a propósito dos turnos de goberno (OTMP. 25 novembro 1883)- que se deben situar tamén as súas evidentes distancias coa política liberal, moi presentes no texto «O potaxe

liberal», onde amosa as dificultades dunha combinación liberal de goberno -incluído o problema das colonias: *«¿Farán os maniches o potaxe como pensan?»- e o seu definitivo escepticismo sobre as intencións finais da clase política da época:*

«(...) haberá quen entenda tanto de potaxes que lle dea o sabor, a prebe, o coor e a cantidade que a todos chegue, que a todos compraza e que a ninguén indixeste? A mín dame o corpo que non, porque sopran o lume máis presas das que son precisas, andan no conto xentes de moitos gustos e poucos deles dispoñen do patriotismo que ten que ferver a cachón no potaxe liberal pra que estea pra todos a pedir de boca. Esta "especia" custa mui cara, dase pouco nestes tempos de fanfurriña e barullo e é contrabando na nosa cociña política» («O potaxe liberal», OTMP. 2 decembro 1883).

No vocabulario político deste período (1874-1889) a idea de «rexeneración» é a máis frecuente nos textos inspirados por Lamas. O escritor fai responsables ós políticos da Restauración dunha situación social definida por un amplo abano de males e «desgrazas» que caen sobre os labregos e que el mesmo sintetiza de xeito magnífico en *O Catecismo do labrego*. Desta situación política derivan as protestas contra os tra-

bucos excesivos, a sátira contra os recadadores de impostos (véxase o conto «O recaudador» en OTMP. 4 xullo 1886) e a denuncia do sistema de quintas e as aventuras militaristas do Estado («*máis sacbos e menos baonetas*», será un dos seus lemas, OTMP. 14 abril 1889).

En «A reforma dos trabucos», por exemplo, planéase, desde unha perspectiva ben progresista, por qué non se ordena que se paguen trabucos polos bailes, os touros, os coches de recreo, os cabalos de luxo e ata os cans e gatos das xentes acomodadas...

«por todo aquilo que non sea perciso pra vivir, denantes de lle cargar a mau bastra a cana dos osos ós que xa non poden coas que levan ó lombo. ¿Para qué mil díaños se quiere tanto exército como hoxe temos en pé de guerra? ¿Por qué non se aforran miles, miles e miles de pesos neses gastos que a maiores de seren aforros verdadeiros terían a ventaxa de devolver á agricultura os brazos que lle arrebatan facendo que collan o fusil os que estaban acostumados a manexar o sacbo?» (OTMP. 17 maio 1889).

Ben é certo que se poden apuntar nun discurso tan próximo ó rexeneracionismo algúns aspectos particulares, que o diferencian doutros autores galegos ou foráneos. Véxase, por exemplo, a insistencia na denuncia dos usureiros, verdadeira plaga da economía campesiña de finais do século XIX, nun dos seus «Casos e Cousas»:

«Por unha real orde dispónse que os delegados de Facenda persigan ós usureiros.

¡Ay, María Santísima, ogallá que se boten a eles como os cazadores ós coellos!

Boa falta fai unha limpeciña polos agros da usura» (OTMP. 17 marzo 1889).

Esta rexeneración, situada nun contexto de extremo centralismo administrativo e político, toma en Lamas a forma de apelación dirixida en exclusiva ós galegos, como únicos interlocutores da mensaxe do



escritor. Feito este que nos pon en relación coa súa vocación rexionalista e a súa vontade de erguer un programa de demandas imprescindibles para pór en marcha o desenvolvemento do país: as aprazadas obras do ferrocarril, medidas de mellora agraria, modernización de portos e estradas, etc. Tal programa esixía na práctica a conformación dunha nova xeración de vontades galeguistas e unha nova clase dirixente, porque a causa principal do atraso galego sería precisamente

«isa manía que teñen a maior parte dos nosos sábeos, nobres, ricos homes e potentados, de fuxir para Madril coa mesma presa que leva un can cando vai cun foguete acceso no rabo, en vez de residir cada un no seu respeitivo pobo, fomentando sociedades de amigos do país, pródicos que o ilustren, etc., de onde se sigue esa ignorancia crasa que hoxe reina nas nosas aldeas» («Un consello de amigo», OTMP. 4 febreiro 1877).

É por isto que tamén Lamas sinala de forma nidia quen estaban chamados a ser os axentes destacados deste alento rexeneracionista: os mestres das escolas rurais que, afirma, deberían unir a súa sorte persoal e profesional á propia sorte da rexeneración do país. Véxase un solto onde se pode albiscar ata un certo tono de reproche ante a indiferenza dos mestres galegos polos males do país:

«É certo, mui certo que os maiestros de escola alcóntranse xinicados e cheos de fame; mais, ¿quen lles ten culpa dos seus fondos doores? ¿Qué esforzos fixeron pra erguer o espíritu da nosa xuventú? Ben poideran insinarlle a ter máis amor a ista terra onde naceron, i a falar niste brande e queixoso linguaxe de Galicia. Dóenme as coitas dos maiestros; pero podó dicir, porque o sei de fixo, que non millorarán de sorte namentres non traballen pola rexeneración dista terra bendita e infelís» («Os meus compañeiros de monteira», OTMP. 22 marzo 1876).

De forma constante e insistente o escritor ourensán vai reclamar melloras substanciais na educación e vai protestar ante medidas tan lesivas como a supresión

das Escolas Normais: *«Din que se van á suprimir as escolas normales. Dirán os que mandan, deixámoslos probes, agora deixémoslos burros»* («Casos e cousas», OTMP. 28 abril 1889). A mesma intención teñen as continuas apelacións á formación cultural dos galegos e os convites á lectura da *«bestoria da nosa terra, os Cantares Gallegos de Dona Rosalía de Castro, e a gramática do Señor Saco, que dito sea entre nós, é vergonza non a baixa en cantos pobos, aldeas e vilas ten Galicia»* (OTMP. 22 febreiro 1876). A insistencia neste labor de educación popular semella moi pertinente cando aínda en 1900 a maioría das comarcas galegas tiñan cifras de analfabetismo que oscilaban entre o 70 e o 90 por cento, segundo datos de A. Costa (1989, pp. 158-162).

Soubo ademais Lamas do poder dos símbolos para erguer unha identidade propia e ninguén coma el ergueu campañas, a través das súas obras e os seus xornais, encamiñadas ó recoñecemento e mitificación de figuras como o Padre Feijóo e Rosalía de Castro, así como de institucións galegas de seu como a propia Academia Galega, da que formaría parte aínda que sen poder chegar a participar no acto da súa constitución formal, que coincidiu casualmente coa propia data da súa morte (Fernández Gallego, pp. 44-45).

Na historia da normalización do noso idioma, hai que reservar un apartado para Lamas Carvajal como pioneiro na presenza da publicidade en galego, redactada con todo o agarimo e gracexo habitual nos seus textos. O Tío Marcos... inclúe autopublicidade do xornal e das obras literarias do poeta e tamén magníficos anuncios adicados á Casa Singer, ós Baños das Caldas ou ó ourensán Café Suizo, que se anunciaba en verso.



Valentín Lamas Carvajal sería ademais nomeado presidente honorario da Asociación Regionalista Gallega en Ourense. Ramón Máiz xa historiou as reticencias que nesta cidade levantou o apoio á Junta de Defensa de Galicia en 1893 e os temores de Lamas ante un movemento que lle parecía demasiado radical cando propuña medidas como a supresión do pago dos impostos. De tódolos xeitos na miña opinión, non coincidente neste aspecto co profesor Máiz, considero inaxeitado negar a calificación de «rexionalista en sentido estricto» a un xornal como *O Tío Marcos d'a Portela*, que merece esta apelación non só porque nel colaborasen un amplo abano de militantes rexionalistas –Amor Meilán, Barcia Caballero, García Ferreiro, Lugrís Freire, Aureliano Pereira, Pondal, Eladio Rodríguez, etc.–, senón sobre todo pola coincidencia ideolóxica con este movemento e a súa pegada sobre outros medios que si califica Máiz como rexionalistas, por exemplo «A Monteira» de Lugo, nacido cando desaparece *O Tío Marcos...*, pero fillo formal e ideolóxico do xornal ourensán (Máiz, p. 74).

Finalmente, cómpre destacar que non existe ningún retrato máis preciso e exhaustivo da realidade do mundo campesiño do século XIX que a obra xornalística e as prosas de Lamas Carvajal. Isto xustifica falar no conxunto da súa obra de protoagrarismo, como xa intuíu hai anos J. A. Durán (1974), facendo notar os inicios xornalísticos do líder de Acción Gallega, Basilio Álvarez, da man de Lamas e «El Eco de Orense». Pero sobre todo o campesiñado galego tivo en *O Tío Marcos d'a Portela* a primeira e máis contundente chamada á organización social, a máis relevante invitación a asociarse para a defensa contra os seus inimigos e a reclamación dos seus dereitos sociais e cidadáns.

Véxase, por exemplo, o texto «A unión é forza» (OTMP. 7 abril 1876) onde Lamas critica as envexas e resentimentos que se viven nas aldeas para ó remate

reclamar a unión dos labregos galegos. É tan firme a súa convicción dunha necesaria unidade campesiña que nos seus escritos anticipa as estratexias das sociedades agrarias de comezos do século XX e chega a facer propostas para que os galegos enxebres de cada aldea xunten ós labregos...

«na súa casa polas noites, nas eiras polo vrao, a carón do lume no inverno pra parrafear co-iles, facerlles deprender de mamoria algúns cantares gallegos, dises que están cheos e perfumados de amor pátreo, dises que fan espertar na ialma do antiguo celta o espíritu rexenerador e libre dos xenios das montanas, dos nosos vals, e do mar que loita muxindo coa longa costa que lle sirve de cadea; facerlles comprender a dinidá do home, a veneración que deben ós sabeos que nista terra naceron i a obrigación que teñen de honrar as súas cinsas (...); infundirles o amor á lectura, alumeandoos coa divina luz da instrucción; facelos, en fin, mais xustos e menos lixeiros; mais unidos polos lazos de vencindá, da pátreo, do cristianismo, e menos espallados por fondas xenreiras e miserables ambiciós; convencelos de que as coitas que sofren están sostidas pola sua negligencia, polo seu descoído, polas suas discordias» (OTMP. 7 abril 1876).

O seu xornalismo é o auténtico barómetro diario da súa evolución política e ó longo do paso dos anos, á marxe da súa participación orgánica, polo demais transitoria e ocasional, en organizacións como o grupo rexionalista ourensán.

A súa preocupación preferente polo mundo campesiño non debe ocultar tampouco as súas chamadas de alerta sobre os problemas doutros sectores da sociedade galega: velaí a chamada en pro dos intereses dos comerciantes e industriais cando lles sobe a contribución industrial (OTMP. 30 xuño 1889); a demanda para apoiar ós comerciantes galegos fronte ós casteláns e outros foráneos («O noso carauter», OTMP. 29 abril 1877) ou mesmo a defensa dos mariñeiros galegos contra os novos trabucos polo sal impostos por Facenda (OTMP. 31 maio 1885).



Doce anos despois da súa morte o propio Manuel Murguía recoñecía a relevancia da súa pegada na organización do movemento agrario das dúas primeiras décadas do século XX, nunha cita que recolle tamén unha crítica veada a outros líderes agrarios instalados no sistema político da Restauración:

«Era Lamas Carvajal un espírito volteriano que sabía entre risa y risa llevar la duda al ánimo del labriego, despertando en él las energías dormidas y las ansias de rebelión contra los señores de ayer y los caciques de hoy. Padre espiritual de la emancipación que hoy se nota en las comarcas orensanas a él le deben los labriegos esos chispazos de luz que hoy llevan en el cerebro. Lamas Carvajal con su pluma a veces irónica, a veces irreverente, pero siempre emotiva, hizo más por la redención espiritual del aldeano galico que la prédica incendiaria de los apóstoles que acaban su carrera en diputados hechura del odiado cacique. Lamas Carvajal fue irreductible. No le doblegaron ofrecimientos ni excomuniones. Era un gallego». (M. Murguía, «Lamas Carvajal», 15 setembro 1918).

En toda a súa obra Lamas fai unha fonda crítica do sistema político da Restauración e dos seus elementos fundamentais, desde o caciquismo ata o turnismo dos partidos gobernantes ou a política económica dos gobernos de Madrid.

BIBLIOGRAFÍA

- Adrio Menéndez, José (1935), *“Del Orense Antiguo (1830-1900”*, Ourense, Imprenta La Popular.
- Castro, Xavier/ De Juana, Jesús (1985), “Aportación de Lamas Carvajal al regionalismo gallego”, en *“studios de Historia Social*, Madrid, n.28-29, pp. 197-205.
- Costa, Antón (1989), *Escolas e mestres*, Santiago, Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Dobarro Paz, Xosé M^a (1974), “Lamas Carvajal, Valentín”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 18, pp.187-189, Gijón, Silverio Cañada editor.
- Durán, José A. (1974), “Crónicas 1”, Madrid, Akal.
- Fernández Gallego, José (1950), *Valentín Lamas Carvajal. Estudio biobibliográfico*, Coruña, Ed. Moret.
- Ferro Ruibal, Xesús (1996), *Cadaquén fala como quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Filgueira Valverde, Xosé (1989), “Introducción” á reedición facsímil de *O Tío Marcos d’a Portela*, A Coruña, Ediciones Edman.


- García Negro, Pilar (1998), *Valentín Lamas Carvajal. Poesía galega*, edición crítica, Sada, Ed. Do Castro.
- Hermida, Carme (1993 a), *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Escolma de textos, Santiago, Consello da Cultura Galega.
- Hermida, Carme (1993 b), “Lamas Carvajal e o Rexurdimento”, en *Cadernos da lingua* n.8, pp.101-116, A Coruña, Real Academia Galega.
- Hermida, Modesto (1995), *Narrativa galega do Rexurdimento*, Vigo, Xerais.
- Máiz, Ramón (1984), *O Rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, Ed. do Castro.
- Odriozola, Antonio/ Valcárcel, Marcos (1974), voz Tío Marcos d’a Portela, O, en *Gran Enciclopedia Gallega”* tomo 29, pp.85-86, Gijón, Silverio Cañada editor.
- Vilanova, Alberto (1974), voz “Heraldo Gallego, El” en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 17.
- Vilavedra, Dolores (coord.) (1995-2000), *Diccionario da Literatura Galega. Autores (I). Publicacións Periódicas (II). Obras (III)*, Vigo, Ed.Galaxia.

Valentín Lamas Carvajal

POESIA GALEGA

Edición crítica e Introducción de María Pilar García Negro



 EDICIÓ DO CASTRO ensaio/filoloxía

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

(Universidade da Coruña)

María Pilar García Negro. Lugo, 1953. Licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela en 1975. En 1980 gradúase en Filoloxía Galego-Portuguesa e en 1983 presenta a Tese de Licenciatura sobre a edición crítica da poesía galega completa de

Valentín Lamas Carvajal. En 1991 defende a Tese de Doutoramento titulada “Língua galega e lexislación (1975-1986)”. Dende 1985 é Profesora Titular da Universidade da Coruña, pertencendo ao Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística. Entre as súas principais obras están:

33 aproximacións á literatura e á língua galega (1984, 1990), en cola-

boración con Xosé M^a Dobarro.

O galego e as leis. Aproximación sociolingüística (1991)

Sempre en galego (1993, 1999)

O ensino da língua: Por un cambio de rumbo (1995), en colaboración con Xoán Costa Casas.

Poesía galega de Valentín Lamas Carvajal (1998)

Direitos lingüísticos e control político (2000)

Arredor de Castelao (2001).